



# Disquecool estará de pícnic no Garaxe de Culturgal

- *A temática deste ano do stand de Disquecool no Culturgal será a de pícnic, con céspede e ambiente campestre*
- *Quen se acerquen e participen no photocall poderán levar unha das dúas estanterías de Oitenta que serán sorteadas*
- *Durante os tres días de feira, Disquecool organizará unha serie de xogos que permitirán facerse con bolsas e chapas*
- *Disquecool comisaria, un ano máis, o Off Culturgal, o evento que permite presentar propostas emerxentes en deseño, arte na rúa, uso de espazos ou creación audiovisual.*

**Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2012.** Disquecool, o medio de tendencias made in Galicia, repite un ano máis en Culturgal, a feira das industrias culturais de Galicia, que se celebrará entre o 30 de novembro e o 2 de decembro no Pazo da Cultura de Pontevedra. Nesta ocasión, o stand de **Disquecool** estará no Garaxe e seguirá a temática pícnic, polo que contará con céspede e ambiente campestre.

Quen se acheguen, **poderán retratarse no photocall** e converterse en protagonistas - na súa foto - da portada de Disquecool. Todas as imaxes serán publicadas nun álbum no perfil en Facebook de Disquecool e, entre todos aqueles que se etiqueten nas fotos, **sortearanse dúas estanterías de Oitenta.**

Esta non será a única posibilidade de facerse cun agasallo. Durante os tres días de feira, Disquecool organizará unha **serie de probas e xogos que permitirán aos asistentes facerse con bolsas e chapas do medio.** Así, ao longo dos tres días, **aqueles que fagan checkin en Foursquare** no stand poderán levar unha das coñecidas disquebolsas. Terán que estar atentos aos perfís en Facebook e Twitter de Disquecool: ao longo dos tres días e en máis dunha ocasión cada xornada, lanzarase unha alerta. O primeiro dos asistentes que veña ao stand trala publicación e faga checkin en Foursquare levará unha disquebolsa. Ademais, dende Twitter e Facebook retarase aos asistentes a **participar en búsquedas do tesouro que terán como taboleiro de xogo toda a superficie da feira.**



Quen non consiga facerse coa disquebolsa deste xeito, tamén poderá levala para casa: durante os tres días, Disquecool permitirá mercar tanto bolsas como chapas no stand.

## Off Culturalgal

Disquecool é, ademais, o encargado de comisariar o Off Culturalgal, o evento que permite coñecer propostas emerxentes en deseño, arte na rúa, uso de espazos ou creación audiovisual. **A cita será ás 17 horas no Garaxe, o sábado 1.** Proxecto cárcere, Microprojets & Co, Lab Rural, Marujita Alegre, Música no claustro, VideodinamizARTE, Creatividade á rúa, Mapa Emocional e Mimadriña son as ideas que serán presentadas. *Podes atopar máis información sobre Off Culturalgal en <http://ir.gal/45b062>*

## Sobre Disquecool

Disquecool é o primeiro medio de tendencias online en galego. A publicación aborda eidos como arte e deseño, audiovisual, estilos de vida, libros, moda ou música. O obxectivo da web é compartir as tendencias que se xeran nestes distintos eidos, tanto a nivel internacional como local, facendo especial énfase en dar a coñecer aquelas iniciativas creativas e innovadoras que se están a desenvolver en Galicia.

O medio está a piques de cumprir os dous anos de vida. Os lectores son maioritariamente galegos, xente nova de entre 25 e 35 anos, e conta con máis de 2.300 fans en Facebook e preto de 1.900 en Twitter.

*Máis información:*

[www.disquecool.com](http://www.disquecool.com)

[@disquecool](https://twitter.com/disquecool) | [facebook.com/disquecool](https://facebook.com/disquecool)